

Manifesto

O Premio de Narrativa Breve Repsol é un exemplo de lavado verde

Este verán será lembrado como o primeiro en que máis claramente se sentiron en Galicia os prexuízos causados pola crise climática en marcha. Secas, megaincendios forestais ou vagas de calor serán máis frecuentes e intensas canto máis avanzar o quecemento global. Cada décima de grao de aumento da temperatura importa. Non superar o limiar dos 1,5 graos é vital.

A responsabilidade das petroleiras na xeración da emerxencia climática é descomunal. A ocultala dedicaron grandes esforzos nas últimas décadas. O “greenwashing” ou lavado verde, a través da publicidade e os patrocinios, está na cerna da súa estratexia de comunicación. Unha campaña a nivel da UE, apoiada polas organización ecoloxistas que promovemos este manifesto, tenta prohibir este indecente lavado verde (<https://banfossilfuelads.org/es/>).

Repsol é unha das 90 grandes empresas que, conxuntamente e debido ás emisións asociadas á obtención e uso dos seus produtos, foron responsábeis de nada menos que o 63% das emisións mundiais de dióxido de carbono (CO₂) e metano (CH₄) causadas polo uso de enerxía fósil e cemento acumuladas en 1751-2010.

Non hai outra empresa con instalacións produtivas en Galicia que tivese un maior impacto histórico no clima global que Repsol. A pesar diso, a súa estratexia climática non está aliñada co Acordo de París. Repsol debería reducir rapidamente a extracción e transformación de petróleo e gas fósil. Algo que fica moi lonxe das súas pretensións.

A refinaría de petróleo que explota Repsol na Coruña é a maior industria enerxética de Galicia. Considerando simplemente as súas emisións territoriais é a segunda industria galega con maiores emisións de gases causantes de cambio climático (2021). En 2006, creou un Premio de Narrativa Breve en lingua galega, o cal constitúe a actividade de patrocinio máis visible de Repsol no noso país.

Mentres durante este verán Galicia e o mundo sufrían os efectos da crise climática, Repsol organizaba por décimo sexto ano o seu premio literario en lingua galega, amplamente publicitado. A nosa lingua necesita de apoios pero non pode ser instrumentalizada para lavar a imaxe dun dos principais criminais climáticos.

Por iso, demandamos á Consellería de Cultura da Xunta dirixida por Román Rodríguez que deixe de organizar un premio de novela curta en lingua galega xunto con Repsol e pase a facelo en solitario a partir de 2023. E á Academia Galega, á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e á Editorial Galaxia que deixen de colaborar con este premio mentres continúe asociado a Repsol.

Galicia, setembro de 2022

Amigos da Terra, Ecoloxistas en Acción, Greenpeace, Observatorio Galego da Acción Climática

